

BASES DO PROCESO DE ADXUDICACIÓN DE BOLSAS ERASMUS + PARA ALUMNADO CONVOCATORIA 2026/2027

1. REQUISITOS PARA INSCRIBIRSE

- Ser alumno/a do CIFP Manuel Antonio.
- Estar matriculado nun ciclo formativo de grao medio ou superior en alo menos un módulo profesional distinto ao de Formación en centros de traballo (FCT) no momento das inscrición.
- Ter acceso á FCT no ano 2027 (sen módulos pendentes de primeiro), en febreiro/marzo para alumnado de réxime ordinario e en setembro/outubro para alumnado de réxime modular.
- Cubrir o formulario de inscrición correctamente en tempo e forma e entregar toda a documentación requerida.
- Non ter recibido ningún parte de aula nin ningunha sanción disciplinaria por parte do CIFP. Se un alumno/a inscrito fose sancionado unha vez iniciado o proceso, quedaría eliminado e, no caso de que xa fose seleccionado, perdería o dereito a realizar a mobilidade.
- Ter 18 anos ou máis no momento de realizar a mobilidade.
- Non ter módulos pendentes e/ou suspensos de cursos previos.
- Terá prioridade o alumnado que non teña módulos suspensos durante a primeira avaliación do presente curso escolar.

2. CAUSAS DE EXCLUSIÓN

Todo o proceso Erasmus é presencial, tanto o proceso de selección durante o primeiro trimestre, como a xestión das becas durante o segundo trimestre. A non asistencia ou non contestación será considerada como falta de interese por parte do alumnado e quedará excluído do proceso.

Serán motivos de exclusión e perda de dereito á beca as seguintes circunstancias:

- Non cumprir algún dos requisitos para inscribirse.
- Non asistir de xeito presencial e sen causa debidamente xustificada a algún dos procedementos: entrevistas persoais, exames de idiomas en caso de solicitalos, obradoiro Europass, firma de documentos da beca, ou calquera inasistencia aos requirimentos de obrigada participación.
- Cambio de datas para realizar a FCT por parte do alumnado respecto ao solicitado no formulario de inscrición.
- Rexistro de partes disciplinarios de aula ou sancións de comportamento durante o presente curso académico.
- Recibir unha **valoración negativa** (NON APTO) por parte do **equipo docente** na avaliación de actitudes persoais.
- Recibir unha valoración negativa (NON APTO) por parte do equipo de programas internacionais na entrevista.
- Non ter tódolos módulos aprobados do ciclo a excepción do traballo de fin de ciclo e dos créditos correspondentes á FCT.
- A non resposta aos e-mails nos que se solicita información e/ou documentación, **durante os 5 días** posteriores ao seu envío. Xa que este será o mecanismo de comunicación oficial do Dpto. de Programas Internacionais cos becarios Erasmus+. Isto será considerado como desinterese e falta de compromiso por parte do alumnado, polo que nestes casos decaerá o dereito á beca.

En caso de que dita exclusión se faga unha vez seleccionado o alumnado ou durante a duración do programa de intercambio, e cando non ten causa xustificada e aprobada polo centro educativo, o alumnado excluído suspenderá automaticamente dita convocatoria da FCT e se xa percibiu parte do importe da beca, terá que devolvelo de forma íntegra. Así como outros gastos derivados do intercambio (exemplo: seguros).

3. BAREMO QUE SE APLICA

Para a selección dos solicitantes de ciclo superior nas mobilidades establécense os seguintes criterios:

QUE SE AVALÍA?	COMO SE AVALÍA?	CANTO PUNTÚA?
Expediente académico no ciclo	Realízase a media ponderada de todos os módulos do ciclo avaliados ata o momento, así como do número de convocatorias realizadas. Inclúe os módulos superados, pendentes e validados, coa última nota que figure no seu expediente, xa fora avaliado neste centro, por libre ou noutros centros.	Ata 2,5 puntos
Idiomas	<ul style="list-style-type: none"> - Certificado oficial B2 ou superior en 2 idiomas: 2,5 puntos - Certificado oficial B2 ou superior nun idioma: 2 puntos - Certificado oficial B1 en dous idiomas: 1,5 puntos - Certificado oficial B1 nun idioma: 1 puntos - Proba completa en primeiro idioma: ata 1 puntos - Proba completa en segundo idioma: ata 0,5 puntos 	Ata 2,5 puntos
Avaliación do equipo docente	<p>O titor e equipo docente de cada aspirante realizará unha valoración individual de cada alumno dando unha primeira avaliación de APTO / NON APTO para realizar unha mobilidade ao estranxeiro.</p> <p>Nos casos nos que a avaliación sexa NON APTO, o alumno/a será excluído do proceso de selección.</p> <p>Nos casos nos que a avaliación sexa APTO, o equipo docente utilizará unha rúbrica de avaliación sobre o perfil actitudinal do alumno/a que será ponderada para obter a cualificación correspondente a este apartado. Teranse en conta ítems coma: habilidades sociais, habilidades comunicativas, adaptabilidade ás circunstancias, resolución de conflitos, seriedade e compromiso, entre outras.</p> <p>Existirá unha rúbrica de avaliación adaptada para o alumnado de distancia.</p>	Ata 2 puntos



	No caso no que o equipo docente non dispoña de información suficiente sobre o alumno avaliará ese ítem como “non procede”.	
Motivación	O alumnado terá que entregar unha carta de motivación no momento da inscrición xustificando por que solicita a beca (máximo 1 carilla). Ademais, realizarase unha entrevista persoal presencial de todos os candidatos coa orientadora para detectar intereses, motivacións dos participantes e habilidades comunicativas, entre outras.	Ata 3 puntos

Unha vez rematado o proceso de baremación e entre o alumnado con máis de 6 puntos, se da prioridade a que vaia unha persoa de cada familia e de diferentes ciclos.

Unha vez seleccionada unha persoa de cada familia, pasarase a seleccionar á segunda persoa de cada familia e así sucesivamente.

As becas para o alumnado de CICLO MEDIO se tramitan por medio do CONSORCIO DA XUNTA DE GALICIA, e teñen un baremo diferente á hora de otorgarlle a puntuación ao alumnado, co cal o orde de asignación das becas do alumnado de ciclo medio pode variar. Na última Resolución do 29 de setembro de 2025 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional figura o seguinte baremo para o proxecto Erasmus+ 2024-1-ES01-KA121-VET-000237308 no curso 2025-2026:

“Artigo 8. Criterios de selección

A selección do alumnado realizarase en cada centro educativo de acordo aos seguintes criterios:

1. *Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos.*

** Nota media inferior a 6: 1 punto.*

** Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.*

** Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.*

** Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.*

2. *Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):*

* *Certificación de nivel B1: 1 punto. e Certificación de nivel B2: 2 puntos.*

* *Certificación de nivel C1: 3 puntos. e Certificación de nivel C2: 4 puntos.*

* *Valoraranse aqueles certificados de coñecemento de idiomas admitidos por ACLES (Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior) que avaliasen todas as destrezas lingüísticas (comprensión lectora, comprensión auditiva, expresión escrita e expresión oral), conforme a táboa de certificados que estea vixente no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes.*

3. Entrevista persoal (máximo 4 puntos):

* *A comisión avaliadora realizará unha entrevista á persoa candidata na cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades a desenvolver durante a mobilidade, o grao de responsabilidade, a capacidade de traballo en equipo e a capacidade comunicativa.*

* *De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada. Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para superar a fase de selección.*

4. *Persoas participantes con menos oportunidades: recibirán 2 puntos neste apartado aquelas persoas solicitantes que se atopen nalgunha das seguintes situacións:*

a) *Discapacidade: para acreditar esta situación a persoa solicitante deberá dispoñer dun certificado de discapacidade emitido pola autoridade correspondente ou ter una solicitude aberta para o recoñecemento da discapacidade, con informes médicos, psicolóxicos e psiquiátricos ou de entidades sociais.*

b) *Dificultades educativas e formativas: acreditarase mediante informe preceptivo do Departamento de Orientación do centro educativo.*

c) *Obstáculos socioeconómicos: esta situación acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:*

* *Certificado de ser ou ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado no curso inmediatamente anterior ao que se realice a mobilidade. e Certificado de ser beneficiario de bolsa de comedor/libros.*

* *Certificado de percepción de prestación de Ingreso Mínimo Vital, Renda Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza da unidade familiar ou do proxenitor que teña a custodia (no caso de menores).*

* *Informe dos servizos sociais que acredite a situación de exclusión social, risco de exclusión social ou situacións de especial necesidade e/ou emerxencia social.*

* *Certificado de familia numerosa. e Certificado de familia monoparental. e Certificado de vítimas de terrorismo.*

* *Acreditación de situacións de violencia de xénero.*

* *Certificado de orfandade.*

* *Certificado de situación de dependencia, participantes con dependentes a cargo.*

* *Certificación de ser persoa tutelada pola Administración.*

* *Acreditación de situación daquelas persoas que non poden acceder ás prestacións ás que se fai referencia neste apartado, por algunha das seguintes causas: falta do período esixido de residencia ou empadramento ou ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido. e Estudiantes con contratos de traballo a tempo completo.*

d) *Problemas de saúde: para acreditar esta situación a persoa solicitante deberá dispoñer dalgún dos seguintes documentos: e Certificación de situación de saúde física que xere a necesidade de apoio adicional: informe médico expedido polo centro de saúde/especialista ou a autoridade sanitaria competente.*

* *Certificación de situación de saúde mental que xere a necesidade de apoio adicional: informe de saúde mental expedido polo centro de saúde/especialista ou a autoridade sanitaria competente.*

e) *Diferenzas culturais: acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:*

* *Resolución de ter a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria, ou xustificante de ter presentado solicitude de protección internacional en España.*

* *Informe dos servizos sociais que acredite a pertenza a outra etnia. e Informe do Departamento de Orientación do centro educativo.*

f) *Discriminación: esta situación acreditarase mediante certificado da administración competente e informe do Departamento de Orientación do centro educativo que xustifique este obstáculo, por exemplo, por acoso escolar."*

4. RESOLUCIÓN, PUBLICACIÓNS E CONVOCATORIAS

- Unha vez finalizado o proceso de selección publicarase un listado xeral coas puntuacións provisional e definitivo e cos adxudicatarios das becas Erasmus+.
- Todas as novidades e información concerninte ao proceso de interese para o alumnado, incluíndo as convocatorias, será publicada na web do CIFP, no apartado de Erasmus+:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cifpmanuelantonio/>
<https://centros.edu.xunta.gal/cifpmanuelantonio/aulavirtual/course/view.php?id=1218>
- O mecanismo de comunicación oficial entre Dpto. de Programas Internacionais e becarios será o correo electrónico achegado no formulario de inscrición.

ANEXO I

XESTIÓN DAS BECAS ERASMUS+. RESPONSABILIDADES E DEBERES DOS BECARIOS ERASMUS+ E DO DPTO. DE PROGRAMAS INTERNACIONAIS:

- 1) O Dpto. de Programas Internacionais publica estas bases de selección de alumnado Erasmus+.
- 2) Apertura do proceso de selección de inscricións. O alumnado solicitando realiza a inscrición a través do formulario web.
- 3) O Dpto. de Programas Internacionais organiza charlas informativas presenciais para ciclo medio e superior.
- 4) Peche do proceso de selección de inscrición.
- 5) O Dpto. de Programas Internacionais publica o listado de inscritos.
- 6) O Dpto. de Programas Internacionais convoca e realiza as probas de idiomas: inglés e francés.
- 7) O Dpto. de Programas Internacionais convoca e realiza as entrevistas persoais.
- 8) O Dpto. de Programas Internacionais publica a resolución provisional de puntuacións.
- 9) O Dpto. de Programas Internacionais publica a Resolución definitiva de puntuacións e adxudicatarios das becas Erasmus+.
- 10) Os becarios Erasmus+ asisten á reunión informativa para becarios Erasmus+.
- 11) Os becarios Erasmus+ asinan o documento de compromiso e aceptación da beca.
- 12) Os becarios Erasmus+ asisten ao obradoiro Europass.
- 13) Os becarios Erasmus+ realizan e entregan o currículo Europass e portfolio se é o caso.
- 14) O Dpto. de Programas Internacionais en colaboración cos becarios Erasmus+ buscan e adxudican as empresas de prácticas.
- 15) O Dpto. de Programas Internacionais elabora o Learning Agreement + Convenio de subvención + Compromiso de calidade + Convenio de FCT.
- 16) Os becarios Erasmus+ deben asinar toda a documentación.
- 17) O Dpto. de Programas Internacionais contrata o seguro médico, accidentes e responsabilidade civil para o alumno.
- 18) Os becarios Erasmus+ realizan a proba de nivel de idiomas online na plataforma OLS e comezo do curso de lingua estranxeira online.
- 19) Os becarios Erasmus+ tramitan a Tarxeta Sanitaria Europea.
- 20) Os becarios Erasmus+ buscan aloxamento e preparan a viaxe.
- 21) O Dpto. de Programas Internacionais ordena o ingreso do 80% da beca.
- 22) Os becarios Erasmus+ comezan a mobilidade Erasmus. Terán seguimento por parte dos titores de de FCT.
- 23) Os becarios realizan actualizacións da súa estancia nas RRSS do centro.

24) Os becarios Erasmus+ entregan a documentación necesaria aos titores de FCT para solicitar as axudas económicas da Xunta.

25) Á volta das mobilidades:

- A empresa asina o Mobility Certificate.
- Os becarios Erasmus+ preparan un texto coa súa experiencia e fotos para publicar nas Redes Sociais e na web do centro.

26) O Dpto. de Programas Internacionais ordena o ingreso do 20% da beca.

27) O Dpto. de Programas Internacionais tramita o certificado Europass.

Os puntos 6 e 7 non son necesariamente nese orde.

Nesta convocatoria o proceso de selección farase en dous periodos: a inscrición e as entrevistas se farán nos últimos dous meses do curso 25.26 (excepto para alumnos de nova incorporación no curso 26.27) e as probas de idiomas se farán nos dous primeiros meses do curso 26.27.